O PROXECTO IMAGEDATASPACE PERMITIRÁ APROVEITAR IMAXES MÉDICAS DIXITAIS PARA MELLORAR A ATENCIÓN SANITARIA E FOMENTAR A INNOVACIÓN EN SAÚDE

- *O proxecto xorde da necesidade de aproveitar o vasto potencial que ofrecen as imaxes médicas dixitais para mellorar a atención sanitaria e fomentar a innovación en saúde.*
- *A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) é beneficiaria do proxecto que contou cun orzamento aproximado de 445.000 euros e un ano aproximado de execución con cargo aos fondos Next Generation EU.*

Santiago de Compostela, 27 de agosto 2026.- Este mes de agosto, conclúe o proxecto ImageDataSpace impulsado pola Consellería de Sanidade, as áreas sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e Ferrol do Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS). O proxecto dun ano aproximado de duración e un orzamento que rolda os 445.000 euros, xurdiu da necesidade de aproveitar o vasto potencial que ofrecen as imaxes médicas dixitais para mellorar a atención sanitaria e fomentar a innovación en saúde.

ImageDataSpace está financiado a través de fondos europeos correspondentes ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia-Next Generation EU (Programa Espazos de Datos Sectoriais) na convocatoria de 2024 para a concesión de axudas, no ámbito da dixitalización, para a transformación dixital dos sectores produtivos estratéxicos mediante a creación de demostradores e casos de uso de Espazos de Compartición de Datos do Ministerio de Transformación Dixital.

A solución técnica achegada a través do proxecto ImageDataSpace, uTILE, comezará a funcionar con máis de 1.500 imaxes médicas preparadas para a súa utilización en proxectos de investigación e intelixencia artificial. A iniciativa pon en marcha un espazo federado de datos de imaxe médica con tres primeiros casos de uso centrados en cancro de próstata, oftalmoloxía e cardiopatía isquémica.

O obxectivo é transformar imaxes clínicas en conxuntos de datos preparados para investigación, desenvolvemento e validación de ferramentas de intelixencia artificial. O proceso comeza coa recollida das imaxes, continúa coa súa seudonimización e co depósito e etiquetaxe, e culmina coa xeración de datos etiquetados que se incorporan á plataforma de xestión do espazo.

Desde esta plataforma pódese consultar que conxuntos están dispoñibles, as súas características e as condicións de uso establecidas para cada caso.

A primeira fase articúlase ao redor de tres casos de uso. O primeiro, liderado desde Anatomía Patolóxica do CHUF (Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol), está relacionado co cancro de próstata. O segundo, coordinado en Oftalmoloxía, tamén do CHUF, céntrase no edema macular diabético. O terceiro, de Cardioloxía do CHUS (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago), corresponde á cardiopatía isquémica.

O Grupo de Visión Artificial e Recoñecemento de Patróns (VARPA) da Universidade da Coruña traballará cos datos do caso de Oftalmoloxía para

CONTIDOS RELACIONADOS

ImageDataSpace Espazo de datos para a investigación e desenvolvemento de novos produtos basados en imaxe médica

avanzar na detección do edema macular diabético mediante intelixencia artificial. As imaxes, previamente recollidas, seudonimizadas e etiquetadas, poderán utilizarse para analizar patróns asociados a esta patoloxía e desenvolver ferramentas de apoio á súa identificación.

Este caso servirá como un dos primeiros exemplos de explotación real da solución achegada a través do proxecto ImageDataSpace, datos xerados na contorna sanitaria, preparados e xestionados dentro do espazo, e posteriormente utilizados por un grupo investigador para abordar unha necesidade clínica concreta.

Coa súa entrada en funcionamento, ImageDataSpace busca facilitar que a información clínica poida converterse, de forma segura e controlada, en datos útiles para investigación, desenvolvemento de modelos de intelixencia artificial e mellora da práctica sanitaria.